

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº131/ Ano: 2026 / 1º xornal Mes de agosto/ Estado de Eclipse en Ons

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



A illa de Tambo necesita un estudo exhaustivo incluído os seus fondos mariños, así como coidar o seu entorno.

Páx. 1



As illas do Parque Nacional son moi visitadas e teñen unha especial protección. É moi necesario o coidado e vixilancia das súas augas.

Páx. 1



Interesante Exposición en Bueu, con personaxes aunienses entre eles.

Páx. 2



A TVG en Ons con motivo da prohibición de fumar nos Parques Nacionais.


Páx. 2



O Gran Cesáreo á espera dunha segunda operación no seu brazo. Un ano de espera. Así é a sanidade galega.


Julio Iglesias estivo na Illa de Ons na década de 1980.

Páx. 5



Membros do grupo de mantemento que redescubriron o Muíño de auga. Que gran labor etnográfico, poderían facer os voluntarios en Ons.

Páx. 4



Interesante a Festa da Malla no Quinteiro de Temperán, no Grove.

Páx. 5



Defendamos os piornos da Illa de Ons.

Páx. 6

O eclipse en Ons. Páx. 7

ILLA DE TAMBO. Unha das irmáns pequenas das Illas Atlánticas. (escrito o 03/08/2026)

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/somosmar/2026/07/30/historia-tambo-bajo-mar/0003_202607P30C1991.htm

A asociación **Irmandade da Illa de Tambo**, que dirixe con gran acerto **Claudio Quintillán**, vén de organizar nas augas desta illa o que chamou “*unha exploración superficial*” dos seus fondos mariños, con todos os permisos, para comprobar se, a simple vista, se observaba algún tipo de almacén de antigas obras ou algún resto que puidera dar pé a unha exploración máis exhaustiva, pois remotas construcións desta insua, foron desmanteladas e os seus restos utilizados para outras obras, algunhas delas a nivel ou no propio mar.

Conta Marcos Gago, no seu artigo da Voz, que segundo relato de Claudio: “... *en inmersións anteriores atopáronse restos que debían proceder do antigo Lazareto, pois bastante desa pedra empregouse na construción da ostrería...*”

En Tambo, e como pasa en todas as illas do Parque Nacional, hai unha importante historia subacuática que contarnos, polo que deberían proceder a realizar unha investigación profunda e posta en valor, como vimos pedindo, no caso de **Ons**, para que a historia non se perda e poida quedar reflectida nesta illa, nun monumento tan interesante, como o espazo museístico que pedimos para o **Faro de Ons**.

Pero ao pouco de saír esta nova, saíu outra: <https://www.farodevigo.es/pontevedra/2026/08/02/tambo-ista-buscan-133035313.html>

Esta noticia si que dá medo. Temos unhas importantes rías cun bo número de Portos Deportivos, sen embargo, pouco se navega ao longo do ano e, se saen dos seus amarres, é para dirixirse a unha praia próxima fondear e pasar alí a mañá, a tarde o todo o día.

Iso é algo malo? Por suposto que NON, pero, ese movemento e fondeo de embarcacións nun lugar que de súpeto, se converte en asiduo ou de moda, pode crear unha esterqueira subacuática tremenda. Clubs de mergullo como o “**Club de Buceo Ons**” de Bueu, xa fixeron inmersións e estudos ao respecto en varios puntos da ría de Pontevedra con resultados bastante alarmantes.

É por iso que a vixilancia destes fondeadoiros en toda a ría, incluídas as illas, deberían ser constantes ao igual que programar inmersións de estudo e investigación sobre eles para comprobar o seu estado.

Quero rematar cunha anécdota que vivín eu no peirao de Ons: *<Estaba á espera do barco de pasaxe, xa que me mandaban uns materias e tiña que recollelos, cando abarloou ao peirao unha pneumática con varias persoas e un pequeno can. Baixaron, amarraron a embarcación auxiliar e dirixíronse cara ao barrio de Curro. Estrañoume o do can, pois están prohibidos pola normativa PRUX, pero quizais era un can especial e podería ter algún tipo de permiso.*

Non foi así, antes de que chegaran ao final do peirao, achegouse un dos gardas e, supoño, lles comunicou o da prohibición de cans na illa, polo que, un deles dou volta co can, tamén supoño, para levalo á embarcación principal que estaba nun dos mortos existentes a carón do peirao.

Cando se dirixía a realizar esa manobra, ao can se lle deu por facer as súas necesidades intestinais, e deseguido a persoa que o acompañaba, sacou unha bolsiña e recolleu as feces. Desamarrou a auxiliar e montou nela co can, pero cal sería a miña sorpresa, que a nada de separarse do peirao, a bolsiña acabou no mar, loxicamente, non ían a levar a merda ao seu iate.>

Que pasará con outros tipos de materiais? Aí queda a pregunta.



Fotos:

- Vista da Illa de Tambo coas bateas ao seu carón.
- Vista de Tambo con barcos fondeados. (Faro de Vigo)



O 21 de xullo xurdiu un **vertido de fecais** en Cíes que obrigou a desaconsellar o baño nas súas dúas praias máis emblemáticas. Ben é certo que xa o 29 xa estaba solucionado o tema.

É importante que anualmente se fagan medicións nas praias do Parque Nacional para evitar posibles verteduras e problemáticas, sobre todo no verán.

O 3 de xuño anunciaron dende Sanidade o control das augas das praias de Bueu, que deron un resultado óptimo, aínda que, as praias de Ons non entraron nesa primeira serie de control.

Realizarían algún control posterior?

MAREAS DE SABEDORÍA

A sala Domínguez Búa de Bueu acolleu dende o 27 de xuño ao 10 de xullo, unha exposición fotográfica de Salvador Santos “Charri”. Eran de persoas de Bueu que superaban os 90 anos de idade. Comentan: **“Charri pretende achegarnos unha panorámica destas persoas que representan unha xeración forte e valente e que pasaron grandes penurias nas súas vidas.”**

Nela saen reflectidos dous aunienses, José Otero Blanco (98 anos) e a súa muller Rosa Sampredo Dios (95 anos).

Como levo dicindo dende hai moitos anos, estas persoas son a memoria viva da Comunidade Auniense, persoas que poderían contarnos miles de historias vividas na Illa ao longo dos anos, sobre todo, dende o seu nacemento ata que decidiron emigrar a Bueu, cando na Illa intentaban vivir arredor de 500 almas.

Unha pena que investigadores non aproveitaran a oportunidade que sería o poder entrevistalos e coñecer de primeira man, como era a vida en Ons neses difíciles anos. Como xa teño dito, cando estas persoas desaparezan, teremos perdido a oportunidade de coñecer mellor a cultura popular e a vida desta comunidade histórica.

Foto: Rosa e José, bailando nas Festas da Illa, no ano 2009



Rosa Sampredo Dios

1931

Naceu en Ons no 1931 e casou con outro home da Illa, José Otero Blanco.

Xa dende nena, aos 10 anos, **ía á herba para os bois do seu pai**. Para iso levaba unha saqueta pequena que tamén lle servía ao proxenitor cando pescaba polbo.

Con José Otero Blanco construíron o seu fogar na parte de arriba da **praia de Melide**. Segundo ela recorda, **“daquela era moi forte e baixaba enseguida e a levar a dorna ao monte cando había monte”**. Xuntos ían ao **polbo e ao percebe**, e se apañaban un bo lote bogaban a Sanxenxo en xaxún. Pero a vida alí era moi dura e sempre tiñan que vir a Bueu a buscar comida e tamén no caso dalgún enterro ou cabodano.

Xa no 1968, e ao igual ca tantas persoas, viñeron definitivamente para Bueu, e Rosa tivo experiencia laboral nas bateas.

Ten tres fillos, seis netos e seis bisnetos.



José Otero Blanco

1928

Nado na **Illa de Ons**, lembra aqueles anos como “a selva” e tamén as viaxes que realizaban dende a illa ata a terra na dorna (sempre que o tempo acompañase). Xa dende cativo lembra que andaban na praia de Melide a coller **“mariolas”** para comer. Aos 20 anos acompañouse da súa **dorna “Lola”** na que pescaba el só e tamén con outro compañeiro. No 1968 veu para Bueu aínda que garda na súa memoria moitos recordos da illa. Por exemplo, “no mes de Nadal pasábamolo moi mal, aínda que despois en San Xoán e xullo e agosto era mellor, pois íamos pescar, xogabamos, collíamos polbo, percebe e de todo para poder comer”.

Tivo o **barco “Marisqueira”** co que collía calamar, polbo, percebe e centola que ía vender a bogar e a vela a lugares como Pontevedra, Portonovo, Sanxenxo, Vigo e Cangas.

A súa vida foi sempre o mar, o cal coñece como a palma da man. Nas súas propias palabras, “eu xa tiña un compás daquela e nunca me perdín pola néboa. Puña o compás en **Melide** e sabía máis ou menos polo que andaba por hora onde podía estar”. Ten tres fillos, seis netos e seis bisnetos.



FUMAR NO PARQUE NACIONAL

A finais de xullo saltaba o aviso, a nova Lei Antitabaco aprobada polo consello de ministros, prohibirá fumar nos Parques Nacionais. Aínda ten que pasar un longo trámite e ver se prospera, pero a polémica está servida.

Temos que recoñecer que nestes tempos se fuma moito menos pero, aínda así, hai moita xente que o fai, polo que a medida vai traer moita controversia.

Eu nunca fumei e tamén teño que dicir que nunca me molestou que fumaran ao meu lado, aínda que temos que recoñecer o seu perigo para a saúde.

Pois ben, saída a nova, os medios xa se puxeron a traballar e a Ons desprazouse un equipo de TVG e, para o programa **Tarde Piaches**, entrevistaron aos veciños: Que lles parecía a nova Lei? O programa transmitiuse o sábado día 1 pola tarde. Participaron veciños e visitantes, con diferentes opinións, aínda que todos coincidían en que nun espazo aberto non tería porque ser prexudicial, tendo a precaución de separarse o suficiente das persoas e, sobre todo, coidar o medio non tirando as cabichas ao chan.

Máis que prohibición, necesítase concienciación, por iso a necesidade de Programas de Educación Ambiental e para a Saúde organizados polo Parque Nacional.



Os aunienses, Carlos Patiño e Isa, non fumador e fumadora, dous dos entrevistados.

O GRAN AUNIENSE: “CESÁREO”

Falar sobre **Cesáreo de Ons**, hoxe en día, e como falar dun **Deus**. É o único auniense que aos seus 84 anos, é capaz de seguir sostendo esa **cultura popular** na que naceu como: agricultor, gandeiro, carpinteiro de ribeira, ebanista, albanel,..., pero sobre todo **MARIÑEIRO**. Coido que con iso chegaría para facerlle un gran monumento, pero NON. Aínda por riba é o home máis **mediático** que naceu nas Rías Baixas. Coido que non atoparemos un mariñeiro ao que todos os medios de comunicación acoden para resaltar a súa vida e a de todos os veciños da **Illa de Ons**: prensa, radio, televisión, reportaxes varios, entrevistas, estudosos e investigadores,..., e un longo etc.

Con el, non hai fallo, disposto a todo e, o máis curioso, **por nada**. A súa gran palabra é: “**Amistad**”, para el todos son amigos e son ben recibidos.

Ata aí todo parece marabilloso, fantástico,..., pero **NON**, cando o noso Cesáreo **necesita axuda**, todos aqueles que nel buscaron apoio, sabedoría e ata aproveitamento, danlle as costas.

Saben a cantos centos de persoas levou a pescar, e lles dixo as mellores postas e marcas de pesca para cada tipo de peixe, a cantos axudou no mar cando estaban en apuros a carón da Illa, a cantos ensinou a pescar e as mellores artes para cada peixe,..., e non digamos, aos centos de investigadores que beberon da súa sabedoría,... Si, persoas que, xa no seu momento ou agora, eran ou son, médicos, avogados, funcionarios, políticos,..., que gozaban da súa amizade e aprendían con el.

Pois ben, cando el os necesita, ninguén aparece, quizais sexa a súa timidez para pedir axuda. Tivo a mala sorte de caer nas rochas e, a carón do golpe no corpo e cara, amolou un brazo polo cóbado.

Aínda que o operaron, non quedou ben e iso impídelle **seguir vivindo**, é dicir, poder ir ao mar, vogar, pescar,..., **SER FELIZ**. Está en lista de espera para outra operación, pero a **SANIDADE Galega** é como é e xa leva case un ano esperando. Onde están eses grandes amigos, algúns de alto rango, para botarlle unha man?

Pero, non se asusten nin entristezan, el sigue sendo **CESÁREO de ONS**, e non renega a ser **FELIZ** facendo o que mellor sabe, **PESCAR**. No mes de xullo, sacou a dorna e carenouna e o Gran Artista **Varu Camawey**, pintoulle o folio. En nada, estará a embarcación no mar e, como poda, seguirá indo ás fanecas, ás señoritas, aos panchos,...

CESÁREO a Sanidade Galega non é o que nos contan os políticos.

Arremedando o gran Xosé Neira Vilas, próximo homenaxeado nas Letras Galegas, en “**Memorias dun Neno Mariñeiro**”:

“Eu son Cesáreo, un mariñeiro da Illa de Ons, como quen di, un ningún, para a sanidade galega”



Fotos:

Dereita arriba: Varias de Cesáreo en distintas etapas.

Abaixo esquerda: Xullo 2026, Cesáreo carenando a dorna.

Abaixo dereita: Varu Camawey, poñéndolle de novo o folio.

Foto: Julio Martino

VOLUNTARIADO AMBIENTAL TRANSFORMADOR

Así lle chamaron dende o Parque a un grupo de 10 mozos que durante 2-3 días estiveron en Ons facendo: “... os participantes implicáronse en tarefas de conservación como a eliminación de especies alóctonas, a limpeza de áreas sensibles e a recuperación e mellora do histórico lavadoiro da illa, unha acción que contribúe á posta en valor do patrimonio etnográfico de Ons. O persoal técnico do Parque Nacional acompañou e formou ao grupo en técnicas de conservación, restauración e interpretación ambiental.”, promovido pola Deputación de Pontevedra e o Parque Nacional nun programa denominado <Conecta Galicia (+Xuventude).

Unha iniciativa **interesante**, pero que non oculta a **discriminación** que sofre Ons, en comparación con Cíes, por medio de **Xuventude** que durante os meses de Xullo e Agosto ten quendas de voluntariado de 15 días e a Ons quitáronllas hai tempo. Imaxinen, se en dous días tanto puideron facer en Ons, segundo informa Parques, que poderían facer en 4 quendas de 15 días durante o verán?

Dous, tres días de actividade, **é algo**, pero nese escaso tempo pouco se pode realizar. Aínda así, cunha boa programación, a carón da eliminación de alóctonas (especies vexetais non autóctonas), diversos talleres e excursións guiadas que realizaron, puideron aproveitar a súa presenza e, xunto ao Grupo de Mantemento que hai en Ons e dentro do **campo etnográfico**, poñer en valor a **Ruta do Castelo**, limpando e adecuando a zona do **Muíño de auga**. Coido que sería máis aproveitábel, nestes intre de forte afluencia de visitantes, que pintar o Lavadoiro de Pereiró.



Foto, Parque Nacional.

As actividades que levan estes voluntarios que, esporadicamente, acoden a Ons en distintas épocas do ano, son de **gran valor** para concienciar aos visitantes sobre os seus actos mentres permanecen nunha illa pertencente a un Parque Nacional.

Exemplos hai dabondo como a limpeza de microplásticos, cabichas, papeis,..., nas praias. Informar da prohibición de dar de comer ás gaivotas. De que teñen que levar o lixo que xeran, ao continente. De non levar cunchas, plantas,..., e un longo etc.

Sobre outros traballos, coido, hai que ter moito tino e unha programación axeitada con asesoramento. No caso concreto deste lavadoiro de Pereiró, habería que facer un estudo previo sobre a actual utilización por parte da veciñanza. Revisar toda a súa canalización dende o manancial de orixe e comprobar que todo estea en perfectas condicións,..., logo, con certa asiduidade, revisar a potabilidade da auga e de non ser aceptable para o consumo, comprobar cal pode ser o problema,... Neste de Pereiró, hai xa anos que a veciñanza non o utiliza, o que provocou que especies de anfibios pasaran a colonizalo, o que é un **punto positivo** para a biodiversidade da illa e do Parque.

Tívoise en conta estas premisas antes de efectuar a limpeza e pintado?

Nas fotos que **Varu** realizou no outono-inverno, vese a vida vexetal e anfibia que tiña este lavadoiro. Recuperaraa no próximo inverno?



Con respecto ao aspecto etnográfico, sigo reivindicando, pois levo máis 50 anos solicitando ás diferentes administracións que xestionaron e xestionan Ons, estudos de tipo etnográfico e antropolóxico sobre esta Comunidade Auniense. Nos últimos anos non nos cansamos de seguir solicitándoo por medio de **PineirÓns**, en escritos e informes enviados á administración, en artigos e notas de prensa e por medio da revista AUNIOS e o minixornal ONSTOPUS, ..., e seguen facendo **oídos xordos**.

Estamos nun momento crítico, con respecto a estas investigacións, xa poucos aunienses, dunha certa idade, poden darnos a suficiente información para que a Cultura Popular desta Comunidade Histórico-Etnográfico **non se perda** e que polo menos quedase reflectida en traballos e libros.

Que me din dos **piornos**, algúns en estado bastante lamentable, pero que, aínda, se poden recuperar. Como se perderon practicamente todas as **lareiras e fornos** nas vivendas. As **edificacións anexas** sen clarexar o seu futuro. Como os xestores non souberon, por medio do diálogo, salvagardar a importante arquitectura mariñeira da illa. ... E os restos dun **Muíño de auga**, o único existente en Ons, téñeno camuflado entre a vexetación, sendo dun importante **valor histórico-etnográfico e turístico**.

E agora falan de recuperación etnográfica, pintando un lavadoiro, e contan que: A súa recuperación contribúe a preservar a memoria cultural da illa de Ons.

Alguén se preocupou de recompilala? Puxo a administración os medios para podelo facer? Animaron a investigadores, universidade, estudosos,..., a traballar este campo? Preguntas moi doadas de responder cun: **NON**.

A vida anfibia, catalogada de vulnerable, en perigo.

Piornos que se poden recuperar e deixan que pouco a pouco desaparezan.



ONS NA MEMORIA

Visita de Julio Iglesias a Ons

Un compañeiro que navega polas redes sociais, pasoume a foto da dereita que sacou de Facebook na carpeta de “Yo también soy de Bueu”. A foto da esquerda é a orixinal en color que saquei a principios da década de 1980 no comedor de Casa Checho na Illa de Ons cando **Julio Iglesias** comeu alí e que, despois do xantar, non tivo inconveniente en fotografarse con familiares e empregados desa casa.

O meu compañeiro, sempre que sae algunha foto de Ons nesa carpeta de Facebook pásama e, ás veces fágolle algún comentario por se quere engadilo.

Miro que un bo número delas están coloreadas, supoño que con IA e, ata algunhas non están nada mal, de feito nun número anterior de Onstopus, puxen unha do barrio de Pereiró (Foto de Mörling en branco e negro), que non estaba mal coloreada, pero outras deixan moito que desexar, por iso volvo a suxerir, **non criticar**, que se a foto está en branco e negro se poña a orixinal e, se queren, tamén ao lado a coloreada.

Como poden ver entre a miña foto e a coloreada, hai un abismo de diferenza, sobre todo, polo mar que de fondo lle puxeron.

Remato dicindo que esa carpeta de Facebook, segundo me din, é moi interesante e **reflicte a vida social e paisaxística** do concello de Bueu, pero coido, sería moito máis apreciada e interesante, que as fotos a presentar sexan as orixinais e, se o consideran, ao seu carón, poñer a coloreada.

FOTOS DA “FESTA DA MALLA” NO QUINTEIRO DE TEMPERÁN. SAN VICENTE. O GROVE. 2026



O noso micólogo e cociñeiro de cabeceira **Juan Castiñeiras**, pasounos estas fotos da **Festa da Malla** que tivo lugar o 8/08/2026 no Centro de Interpretación da Cultura Agraria “**Quinteiro de Temperán**” en San Vicente de O Grove.

Podemos ver a preparación do Porco ao Espeto. Segar e Recolectión para a malla. Taller e Mostra de cestería. Obradoiro de pan. E a preparación do porco para a degustación. Como cociñeiros, a carón de Roberto do Quinteiro, estiveron Juan Castiñeiras e Antonio de Terra de Montes. **Páx. 5**

OS PIORNOS DE ONS (I).

<Que a Conselleira tome medidas de protección>

No mes de marzo deste ano, o Consello de Ministros outorgou aos **PIORNOS** do norte da Península Ibérica a categoría de “**Manifestación Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial**”, co que fortalece a súa protección.

Xa teño explicado en moitas ocasións, que as illas que pertencen ao Parque Nacional, teñen unha gran biodiversidade (Que é clave para a supervivencia tanto de todo tipo de especies como para os seres humanos e axuda á sostenibilidade do planeta) e é necesaria a súa protección, pero ollo, non só hai que pararse na flora e fauna, senón tamén nos **seres humanos** que as habitan e habitaron.

Hoxe, podó atreverme a dicir que a única especie en perigo de extinción nas illas do Parque, é a **Especie Humana**, e con ela a súa historia e cultura, por iso é importantísimo que a coidemos, investiguemos, a poñamos en valor e a protexamos.

Si, estas illas teñen unha importancia biolóxica, pero non menos é a **socio-histórico-etnográfica**, é que seguro supera en moito á medio ambiental, sen embargo, os responsables do Parque, téñena abandonada ou dedicándolle poucos recursos, en comparación coa biolóxica.

Teño moi claro que hai persoas, que tan pronto pasan á vida política, entran nun tronso, e esquecen moitas cousas que quizais antes, na súa vida cotiá, eran significativas.

Neste punto teño que anotar á actual **Conselleira de Medio Ambiente**, máxima responsable do que ocorra no Parque Nacional das Illas Atlánticas, que é **licenciada en Xeografía e Historia** (Especializada en Xeografía aplicada e técnica en información e cultura) e que sen embargo ten **totalmente esquecida** a parte Social, Histórica e Etnográfico-Antropolóxica do Parque.

Pois ben, os **Piornos de Ons**, son unha importante aportación á Cultura Popular desta illa e forman parte do **Patrimonio Material e Inmaterial** dela, cun notable número deles e de diferentes tipos.

Anos leva a **Asociación PineirÓns** e eu mesmo, pedindo solucións para a súa conservación-protección e, como sempre, os xestores da illa facendo oídos xordos, incluído o municipio ao que pertence, Bueu.

A falla dun técnico cultural, fai que a maioría das axudas e subvencións vaian cara ao aspecto biolóxico e, a cultura destas comunidades que habitaron e habitan as illas do Parque, quede esquecida ou con residuais subvencións.

O Parque e a Consellería de M. Ambiente, aínda que este ano 2026 non as convocou (A desculpa é botarlle a culpa ao Goberno Central) saca unhas Axudas para as Áreas de Influencia Socioeconómica do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Se o Parque contara cun **Técnico Cultural**, podería animar e aconsellar aos veciños para solicitar axudas para a rehabilitación dos Piornos da Illa, primeiro porque son parte do Patrimonio Cultural de Ons e segundo porque sempre teñen unha utilidade que buscarlle, pois a agrícola, polo que naceron estas construcións, non recibe apoio nin axudas dos xestores do Parque.

Tamén o **concello de Bueu**, que non aporta presuposto anual ningún a Ons, din que non teñen competencias para executar obras, sen embargo si poden programar e subvencionar temáticas culturais como: O día do libro de Ons, reforestación cos colexios do municipio, xornadas sobre temas diversos: micoloxía, arqueoloxía, fauna, flora, ornitoloxía,..., organizar concursos, estudos, investigacións sobre aspectos: etnográficos, alcuños, significado da toponimia, ... e un longo etc.

Consellería, D. Xeral de Patrimonio Natural, Dirección do Parque e o Concello de Bueu, poden facer moito pola Cultura da Illa de Ons.



Piorno de madeira de Pereiró e piorno de pedra en Caño, desaparecidos por falta de actuación da administración.



Piornos da casa agrícola de Canexol, dos máis grandes de Pontevedra. E piorno a carón da praia de Canexol.

Habería que botarlles unha ollada, pois poden necesitar arranxos urxentes para evitar o seu deterioro.



Piorno do barrio de Pereiró. Así estaba hai 15 anos, moitas das pedras caeron, pero pode ser rehabilitado sen problema.



Deterioro e case desaparición, dun dos piornos típicos de Canexol, sen que os xestores do Parque, ni concello de Bueu, fixeran absolutamente nada.

A ECLIPSE EN ONS



Dende hai anos a Illa de Ons é destino **Starlight** e, entre as actividades de Parques, está a observación astronómica. A eclipse era un acontecemento único e o Grupo Acuña tivo un grupo especial de 200 persoas por medio da Cota Especial para **Actividades Educativas**.

Aínda que o último barco de pasaxe saíu cando ía a comezar a eclipse, en Ons quedaban os campistas, o campamento, persoal de traballo,, que xunto a ese grupo especial de 200 persoas, **puideron** gozar deste evento astronómico único por toda a banda oeste de Ons, dende o Miradoiro de Fedorentos ata o Centulo, aínda que as zonas máis concorridas foron: O Miradoiro de Fedorentos, o Buraco do Inferno, Caniveliñas e o Faro.

Eu non puiden ir a Ons, pero grazas a Julio, Andrea, Maqui, Álvaro, Manolito,...., e Acuña, puiden conseguir unha serie de fotos para rematar este Onstopus.



Ao estar o último Fareiro, **Gerardo**, permitiu que ao interior do Faro puideran acceder os traballadores do Parque e algúns amigos, que lograron observar a eclipse dende diferentes lugares desde **privilexiado** miradoiro. As demais persoas que se achegaron tiveron que facelo dende o exterior do faro.



Algúns dos observadores elixiron o incomparable marco da Enseada de Caniveliñas.

E, como non, o Gran **Varu Camawey**, puxo a nota de **humor** a este eclipse.

Aquí o temos, xa cansado, dicindo:

**“Quito a tapa xa, ou queeeee?
Cajinaaaaa!!!”**

